



ASPECTOS FUNDAMENTAIS DA ESPAÑA DO SÉCULO XIX



"Sabela II de España" (Federico Madrazo CC0 1.0)



ÍNDICE

ASPECTOS FUNDAMENTAIS DA ESPAÑA DO SÉCULO XIX

1. A FORMACIÓN DO ESTADO LIBERAL.....	1
1.1 Guerra e Revolución Liberal en España.....	1
1.2 As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812.....	3
1.3 O reinado de Fernando VII.....	3
<i>Exercicios</i>	5
2. O REINADO DE SABELA II.....	6
2.1 Liberais moderados e progresistas.....	6
2.2 Etapas do reinado de Sabela II.....	6
2.3 As desamortizacións.....	7
2.4 Industria e ferrocarril.....	7
<i>Exercicios</i>	8
3. O SEXENIO DEMOCRÁTICO.....	9
<i>Exercicios</i>	10
SOLUCIÓNS.....	11

1. A FORMACIÓN DO ESTADO LIBERAL

1.1 Guerra e Revolución Liberal en España

A crise do Antigo Réxime manifestouse en España a través da **invasión napoleónica** e a **Guerra da Independencia**, que marcarían o inicio da Revolución Liberal en España, e para comprender estes acontecementos imos situarnos no reinado de Carlos IV.

Carlos IV reinou entre 1788 e 1808; de carácter débil, deixouse dominar pola súa esposa, María Luísa de Parma, e máis ca aos asuntos de Estado, dedicouse a actividades como a caza ou a coleccionar aparellos mecánicos e reloxos. Co desenvolvemento da Revolución Francesa e o temor ao contaxio revolucionario, entregou o poder a **Manuel Godoy**, que se converteu no verdadeiro artífice da política do reino.

En 1804, Napoleón, debido ao seu permanente enfrontamento con Inglaterra, planificou a súa invasión. Un ano despois, co apoio da escuadra española, unha frota hispano-francesa foi derrotada pola británica dirixida por Nelson na batalla de **Trafalgar**, acontecemento que supuxo o abandono do plan da invasión de Inglaterra.



"Batalla de Trafalgar" (Franco310397 CC-BY-SA-3.0)

Entón Napoleón declarou o bloqueo continental aos produtos e mercadorías inglesas, tratando de colapsar a economía de Inglaterra, pero Portugal opúxose e Napoleón decidiu invadir Portugal. Para levalo a cabo, Francia e España asinaron en 1807 o **Tratado de Fontainebleau**, polo que as tropas francesas e españolas ocuparían Portugal, que sería dividido en tres partes, unha das cales correspondería ao ambicioso Godoy. En virtude deste tratado, en 1808, as tropas francesas empezaron a entrar en España e a ocupar diversas cidades. A poboación entendeu que se trataba dunha invasión. Aproveitando estas circunstancias, os partidarios de Fernando, fillo de Carlos IV, levaron a cabo o **motín de Aranjuez** contra Godoy e obrigaron a Carlos IV a abdicar en favor do seu fillo Fernando. Godoy foi detido e deposto.

A continuación, Napoleón atraeu a Corte española a Baiona coa escusa de mediar no conflito familiar, e conseguiu que ambos cedesen a Coroa de España a Napoleón e este proclamou rei o seu irmán Xosé I. Un reducido grupo, os **afrancesados**, apoiaron o irmán de Napoleón, pero a maioría da poboación enfrontouse aos franceses, seguindo o exemplo dado polo pobo de Madrid, que se levantara en armas o **Dous de maio de 1808**, e iniciando a **Guerra da Independencia** (1808-1814).



"Museo da Historia de Madrid-19410-Morte de Velarde o 2 de maio de 1808" (Manuel Castellano CC-BY-SA-4.0)

A partir deste momento, as elites e o pobo español formaron nas cidades e vilas as **xuntas**, institucións que asumiron a soberanía que ata daquela posuía o monarca e que organizaron a defensa e a guerra. Para coordinalas constituíuse a finais de 1808 a **Xunta Central**.

Por outra banda, a superioridade militar dos franceses obrigou os españois a enfrontarse mediante as guerrillas, grupos reducidos que sorprendían o inimigo porque coñecían ben o terreo e contaban co apoio da poboación local, dando lugar a unha **guerra de guerrillas** que desarborou os franceses. A Guerra da Independencia rematou en 1814 coa vitoria dos españois, que contaron coa axuda das tropas inglesas.

1.2 As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812

O 24 de setembro de 1810 reuníronse en Cádiz unhas cortes non estamentarias dominadas por liberais, co obxectivo de definir o modelo político para España e de elaborar novas leis. Estas cortes iniciaron unha serie de reformas que concluíron coa redacción da **Constitución de 1812**, coñecida como a **Pepa** por ser aprobada o 19 de marzo, festividade de San Xosé, que culminaba a Revolución Liberal en España e que recollía os principios básicos do liberalismo:

- **Soberanía da nación.**
- **Separación de poderes:** legislativo (as Cortes), executivo (o rei), xudicial (os tribunais de xustiza).
- Eleccións como medio de participación política, a través do **sufrixio universal masculino indirecto** para maiores de 25 anos.
- **Amplo catálogo de dereitos e liberdades**, como o dereito á propiedade privada, a igualdade de persoas ante a lei ou a liberdade de expresión.



"Portada dun exemplar da Constitución de 1812" (Mario Torres 9494 CC-BY-SA-4.0)

A relevancia da nosa Constitución de 1812 reside en que:

- Foi a nosa primeira constitución.
- Serviu de inspiración a outras constitucións europeas no século XIX.
- Foi a precursora do resto das constitucións liberais decimonónicas en España: 1837, 1845, 1869 e 1876.

1.3 O reinado de Fernando VII

Logo da finalización da guerra, o regreso de **Fernando VII a España** en 1814 coincidiu coa volta do absolutismo en case toda Europa. Fernando, co apoio da nobreza, o alto clero e parte do exército, **restaurou o absolutismo**, derogou a Constitución de Cádiz e iniciou o denominado **sexenio absolutista** (1814-1820), caracterizado pola represión contra liberais e afrancesados e a grave situación económica polas destrucións da guerra e a perda das colonias americanas.

O proceso de **independencia das colonias españolas**, que xa se iniciara en 1808, supuxo a perda da maior parte destas ao longo do primeiro terzo do século XIX. Entre as características deste proceso figuran as seguintes:

- **Viuse influído pola independencia dos EE.UU.** e as revolucións liberais de España e Francia.
- Beneficiouse dos cambios de réxime en España, que debilitaron a dependencia coa metrópole: invasión napoleónica, Revolución Liberal e restauración absolutista.
- Estivo liderado por liberais, nel destacan figuras como Simon Bolívar.
- Foi dirixida por **minorías crioulas** (descendentes dos españois da conquista), que posuían o poder económico pero estaban privadas dos altos cargos públicos e sometidas ao control económico da península.

En 1820, aproveitando a concentración dun poderoso exército que ía ser trasladado a América para aplacar a rebelión das colonias, un dos seus xefes, o coronel Rafael del Riego, sublevouse e proclamou en Cabezas de San Juan (Sevilla) a Constitución de 1812. Os sucesivos levantamentos urbanos que seguiron ao de Riego agravaron a situación e o rei, que non soubo como afrontala, viuse obrigado a aceptar a volta do liberalismo. O **trienio liberal** (1820-1823) restableceu a Constitución de 1812.

En 1822, no Congreso de Verona, as potencias vencedoras de Napoleón decidiron, para restaurar o absolutismo, enviar a España o exército francés coñecido como os **Cen mil fillos de San Luís**, que obrigou os liberais a se renderen, e Fernando VII iniciou así un segundo período absolutista que durou dez anos e se coñece co nome de **Década Ominosa**.

En 1830, Fernando VII derogou a Lei sálica, establecida por Felipe V, que excluía as mulleres do trono, e proclamou herdeira a súa filla Sabela, iniciando un **problema sucesorio**. Á morte de Fernando VII en 1833 iniciouse a **primeira guerra carlista** (1833-1840). As tres que se desenvolveron ao longo do século XIX estiveron motivadas pola disputa pola sucesión ao trono; no caso da primeira, entre os liberais partidarios de Isabel, filla menor de Fernando VII, e os sectores máis absolutistas, partidarios de Carlos María de Isidro, irmán de Fernando que non aceptaba que Isabel fose nomeada herdeira. Esta guerra remataría co triunfo dos liberais.

En consecuencia, logo da morte de Fernando VII e a pesar da Guerra Carlista, esmorecería a loita entre liberalismo e absolutismo e xa non volverían a gobernar os absolutistas; acadarían o poder sempre os liberais.



"Fernando VII de España" (Sailko CC-BY-SA-3.0)



EXERCICIOS

Exercicio 1

Cal foi a táctica empregada polos españois para facer fronte aos franceses durante a Guerra da Independencia? En que consistía?

Exercicio 2

Cando e por que tivo lugar a independencia das colonias americanas?

2. O REINADO DE SABELA II

2.1 Liberais moderados e progresistas

Sabela II reinou entre 1833 e 1868, aínda que durante o período entre 1833 e 1843 se sucederon as rexencias da raíña nai María Cristina e, posteriormente, do xeneral Espartero, posto que Sabela era menor de idade. Dende finais de 1843, con tan só trece anos, ao ser declarada maior de idade, iniciouse o reinado efectivo de Sabela II, que se caracterizou pola consolidación do Estado liberal en España e a alternancia no poder, división e enfrontamento entre as dúas tendencias dentro do liberalismo: os liberais moderados e os liberais progresistas.

Liberais moderados

- A soberanía reside no rei e nas Cortes.
- Dereito de voto moi restrinxido.
- Dereitos e liberdades restrinxidos.
- Centralización administrativa.
- Apoio da nobreza terratenente, a alta burguesía e os altos xefes militares

Liberais progresistas

- A soberanía reside na nación representada nas Cortes.
- Dereito de voto máis amplo.
- Maior abano de dereitos e liberdades.
- Descentralización administrativa municipal.
- Apoio da baixa burguesía, o proletariado urbano e militares de pequena graduación.

Os **liberais moderados** estiveron **no poder durante case todo o reinado de Sabela II** e quedaron desprazados os progresistas. En cada partido político tiveron un papel destacado os xefes militares, moitos deles de partido ou de goberno, chamados **espadóns**. De feito, o exército convertérase na forza máis importante do Estado, polo que a intervención militar baixo a forma de **pronunciamentos** (golpes de Estado) converteuse en algo habitual no século XIX.

2.2 Etapas do reinado de Sabela II

Durante o **reinado de Sabela II** distinguimos **catro etapas**:

- **As rexencias de María Cristina e Espartero**, coa mencionada **primeira guerra carlista**, co triunfo da Revolución Liberal, a desamortización de Mendizábal e a **Constitución progresista de 1837**.

- **A década moderada (1843-1854)**, en que gobernaron os moderados dirixidos por Narváez. Nesta etapa redactouse a **Constitución de 1845, claramente moderada**, que ampliaba os poderes da raíña, recortaba as liberdades e restrinxía o sufraxio censatario; **creouse a Garda Civil** para manter a orde pública e reprimir as protestas e levouse a cabo a reforma de Ramón de Santillán para establecer un **sistema fiscal moderno** que supuxera a liquidación da fiscalidade do Antigo Réxime.
- **O bienio progresista (1854-1856)**. Entre as reformas progresistas destacan dúas leis de 1855: a **Lei de desamortización xeral de Madoz** e a **Lei de ferrocarrís**, que promovería a iniciativa privada para a construción das principais vías de ferrocarril.
- **A década moderada-unionista e a fin do reinado (1856-1868)**. Nesta etapa **alternáronse** no poder os **unionistas**, membros da Unión Liberal, novo partido político de centro xurdido en 1854, e os **moderados**. Pretendéronse desenvolver unha serie de empresas militares fóra de España para prestixiala no exterior e, na guerra de Marrocos, asegurouse a defensa de Ceuta e de Melilla. Dende 1866 a insatisfacción popular foi en aumento debido á política autoritaria da raíña, ata que en 1868 unha nova revolución expulsou a Sabela II do trono.

2.3 As desamortizacións

As desamortizacións foron unha serie de medidas por iniciativa dos gobernos liberais progresistas consistentes en **pór á venda no mercado mediante poxa pública, sen indemnización, as terras amortizadas**, que non se podían vender, en poder das institucións eclesiásticas ou os concellos. A súa finalidade foi acrecentar a riqueza nacional acadando recursos para o Estado, modificar o réxime de propiedade da terra e incrementar os partidarios da causa liberal.

Entre as máis destacadas figuran:

- *A desamortización eclesiástica de Mendizábal (1836)*, que afectou os bens do clero regular (conventos e mosteiros).
- *A desamortización eclesiástica de Espartero (1841)*, que afectou os bens do clero secular.
- *A desamortización de Madoz (1855)*, a máis numerosa, que puxo en venda bens do Estado e dos concellos.

2.4 Industria e ferrocarril

O pobre panorama da industria do século XIX en España debeuse á escaseza de capitais, fontes de enerxía, materias primas, poboación e medios de transporte. A pesar destas circunstancias, destacou a **industria téxtil catalá** e a **industria siderúrxica**, que comezou en Andalucía para trasladarse despois a Asturias e o País Vasco.



Respecto á **construción do ferrocarril**, símbolo da primeira Revolución Industrial e asociado ao desenvolvemento económico e industrial, cómpre salientar que comezou tarde e a súa expansión foi lenta debido á devandita debilidade da industrialización. A primeira liña de ferrocarril Barcelona-Mataró foi inaugurada en 1848 e a primeira liña galega entre Santiago e O Carril inaugurouse aínda en 1973. Non obstante, foi un dos sectores industriais que experimentou un maior auxe no século XIX. A construción e explotación dos ferrocarrís deixouse á iniciativa privada mediante a Lei de ferrocarrís de 1855, que establecía facilidades para a súa construción e axudas por parte do Goberno, cun ancho superior ao europeo e cun deseño radial a partir de Madrid, pero que lamentablemente non contribuíu do xeito desexado ao desenvolvemento industrial, aínda que si á comunicación de diferentes zonas de España.

EXERCICIOS

Exercicio 3

Que tendencias políticas se enfrontaron durante o reinado de Sabela II? Cal gobernou durante a maior parte dese período?

Exercicio 4

Que tipo de bens afectou a desamortización decimonónica?

3. O SEXENIO DEMOCRÁTICO

En 1868 triunfou unha revolución, coñecida como a **Revolución Gloriosa**, encabezada polo almirante Topete, na cal se uniron liberais progresistas e militares para destronar a Sabela II. A continuación formouse un goberno provisional composto por unionistas e progresistas, que convocou eleccións que deron o poder aos progresistas. Formáronse unhas Cortes constituíntes que elaboraron a **Constitución de 1869**, a máis liberal do século XIX, a única que establecía o **sufraxio universal masculino** para maiores de 25 anos, aínda que esta vez directo, a diferenza da de Cádiz, e a primeira que establece por primeira vez en España o **dereito de liberdade relixiosa**.



"Amadeo I, rei de España" (CC0 1.0)

Como a forma de goberno establecida foi a monarquía, buscouse un monarca católico e liberal e resultou escollido **Amadeo de Savoia**. O seu reinado iniciouse en 1869 e durou dous anos e dous meses, debido a que dimitiu polos seus escasos apoios, foi rexeitado pola aristocracia por ser estranxeiro, pola igrexa por admitir a liberdade de cultos, polo pobo pola súa falta de carisma e pola súa falta de fluidez co castelán... A continuación, as Cortes votaron a reforma da Constitución para poder declarar como forma de goberno a República.

A **Primeira República** proclamouse en 1873, apenas durou 11 meses e estivo marcada pola inestabilidade política, xa que ata catro presidentes se sucederon: Figueras, Pi i Margall, Salmeron e Castelar. Con Pi i Margall, partidario dunha república federal, redactouse un proxecto de Constitución federal que organizaba España nunha federación de dezasete estados, pero non chegou a aprobarse.

A Primeira República fracasou debido a:

- Diferenzas sobre como organizar a república, que ían dende unha república unitaria a outra federal, cunha repartición de poderes entre o Estado federal e os Estados membros da federación, pasando polos cantonalistas, partidarios da proclamación inmediata da soberanía dos Estados ou cantóns.
- A axitación social e política polas revoltas cantonalistas, a Guerra de Cuba, que loitaba pola súa independencia, ou a terceira Guerra Carlista.

En 1874, o golpe de estado de Martínez Campos proclamou a Alfonso XII, fillo de Sabela II, rei de España, dando paso ao denominado período da Restauración, co obxectivo de proceder á restauración da monarquía na dinastía dos Borbóns e de acabar coa inestabilidade política.

A **Restauración borbónica** instaurou un sistema de goberno baseado nunha **monarquía constitucional**, reflectida na **Constitución conservadora de 1876** e na **alternancia**



pacífica ou quenda de dous grandes partidos liberais: o Conservador, liderado por Cánovas, e o Liberal, liderado por Sagasta, que duraría ata a proclamación da Segunda República Española en abril de 1931, coa excepción da ditadura de Primo de Rivera.

EXERCICIOS

Exercicio 5

Os republicanos defendían unha mesma visión do que debía ser unha república?

Exercicio 6

A que guerras tivo que facer fronte a Primeira República? Afectárona positivamente?



SOLUCIÓNS

Exercicio 1

A Guerra de guerrillas. Grupos reducidos de españois, coa colaboración da poboación local, coñecedora do terreo, tendían emboscadas ao exército francés, en teoría superior militarmente.

Exercicio 2

A independencia das colonias americanas tivo lugar no primeiro terzo do século XIX debido a diferentes factores como:

- A influencia da Revolución Americana e as revolucións liberais de España e Francia.
- Os cambios de réxime en España, que debilitaron a dependencia coa metrópole: invasión napoleónica, revolución liberal e restauración absolutista.
- As ansias das minorías crioulas (descendentes dos españois da conquista), que ansiaban o poder político e liberarse do control económico de España.

Exercicio 3

Os liberais progresistas e os liberais moderados. Os moderados son os que posuían o poder a maior parte do tempo.

Exercicio 4

Fundamentalmente, as institucións eclesiásticas e os concellos.

Exercicio 5

Non, as súas visións pasaban por unha República unitaria; outra federal, con repartición de poderes entre o Estado federal e os Estados membros da federación; e outra cantonalista, que eran os partidarios da proclamación inmediata da soberanía dos Estados ou cantóns.

Exercicio 6

As guerras de Cuba e a terceira Guerra carlista. Afectárona moi negativamente, posto que contribuíu a aumentar o clima de axitación social e política.